

AS CITAS DE AUTOR NO *DICCIONARIO* DE MARCIAL VALLADARES

Xosé A. Fernández Salgado

Universidade de Vigo

1. O *Diccionario* de Valladares e os outros dictionarios do século XIX

En 1884 Marcial Valladares daba ó prelo o seu *Diccionario gallego-castellano*¹, o terceiro e o máis importante no que ía de século. En 1863 Antonio de la Iglesia editara na súa *GALICIA REVISTA UNIVERSAL* o *Diccionario gallego-castellano* de Francisco Javier Rodríguez, e en 1876 saíra o *Diccionario gallego* de Juan Cuveiro.

A obra de Valladares supera ós outros todos en cantidade e calidade. Trátase xa dunha “obra na que hai moito traballo e ben feito”, segundo Antón Santamarina (2000:41). Como afirma este autor, ata a obra de Valladares viñamos tendo un dicionario galego cada dez anos (1863-1876-1884); despois do de Don Marcial han de pasar 30 anos ata que en 1913 saia o primeiro fascículo do non rematado dicionario da Real Academia Galega.

O paso do tempo encargárase de etiqueta-lo *Diccionario* de Valladares como un “clásico da nosa lexicografía”, segundo ten referido a el algunha vez Xesús Alonso Montero². Foi o dicionario de referencia do galego que figurou nas bibliotecas dos grandes etimólogos da romanística, como ben indica Santamarina. Incluso temos noticia de que tamén ocupa o seu lugar no andel da Biblioteca Vaticana dende que en 1887 lle foi agasallado ó Papa León XIII por un grupo distinguido de literatos galegos con motivo das vodas de ouro deste pontífice³.

¹ De aquí en diante referirémonos a el como *Diccionario*.

² Manuel Leiras Pulpeiro. *Obras completas*. Santiago: Sálvora, 1983 (p. 155).

³ López Muñoz D. e Ferro Ruibal, X. (2000): *A Palabra fai camiño*. Asociación Irimia, Colección Angueira II Época, nº 1. (pp.104-105)

O *Diccionario gallego-castellano* (1884) de Valladares presentaba con respecto ós outros dous predecesores de Rodríguez e Cuveiro varias novidades tanto na información contida nas entradas como de tipo editorial.

En canto ó primeiro aspecto, o de Valladares inventariaba non só maior número de entradas, senón que tamén estas estaban mellor seleccionadas e definidas. Así mesmo, recollía sistematicamente, por medio da marcación co acento grave (´), o timbre aberto das vocais, tanto tónicas como átonas, seguindo, polo xeral, o modelo fónico da zona dialectal do autor. Por outra parte, acollía como entradas tamén as voces comúns co castelán⁴. Por último, era novidosa, igualmente, a inclusión de pequenos textos de diversa orixe para exemplifica-lo uso das palabras ou clarexar algún significado.

Desde o punto de vista do deseño editorial, a obra de Valladares é un dicionario máis moderno cós precedentes. A súa novidade vén dada pola maior variedade tipográfica e de formatos usados en sinala-las diferentes informacións e apartados de cada artigo lexicográfico. Tanto no dicionario de Rodríguez coma no de Cuveiro existiu un certo descoido neste aspecto, se ben é máis visible no primeiro.

Do *Diccionario gallego castellano* de Valladares houbo dúas tiradas diferentes en 1884, aínda que isto non tivo repercusións na tipografía nin no fundamental do dicionario⁵. O *Diccionario* publicouse en Santiago primeiramente como folletín de regalo ós subscritores do xornal *EL LIBREDON* (Santiago, 1883-1887) no “Estab. Tip. del Seminario Conciliar Central”, segundo reza na portada. Polos datos que recadamos, o comezo da impresión produciuse contra fins de xaneiro ou primeiros de febreiro de 1884, como nos indica a nota que o propio *EL LIBREDON* se encargou de enviar a outras redaccións de xornais para que a reproducisen e, así, desen publicidade á obra. Da nova fixéronse eco varias publicacións e xornais, dos que seleccionamos *EL CENSOR* (Betanzos, 1883). do onde reproducimos este fragmento:

Con el periodico “El Libredon” de Santiago correspondiente al mártes 22 del actual hemos recibido el prospecto de un diccionario gallego que nos ruega insertemos en *El Censor*, y a lo cual accedemos gustosos. (*EL CENSOR*, nº 8 do 26/1/1884)

O mencionado “diccionario gallego” referíase ó de Valladares e o “actual” era o mes de xaneiro de 1884. Contra finais dese mesmo ano, rematada a edición en folletín, tirouse outra nova impresión desta vez nun volume nos obradoiros da

⁴ Para unha avaliación dos artigos do *Diccionario* de Valladares coa marca com. (común) pode verse González Orejón (2000: 63-68).

⁵ Vid. A. Santamarina (2000:22). Xa antes, Amor Meilán se referira a que o dicionario de Valladares fora publicado “previamente, como folletín de un diario compostelano”, segundo o recolle L.G.B. na *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 29, na entrada de “Valladares Núñez, Marcial”, (p. 230).

“Imprenta del Seminario Conciliar Central”, que debía se-la mesma cá primeira. A nova edición xa estaba na rúa en novembro de 1884 pola información contida na *REVISTA* de la Sociedad Económica de Amigos del Pais de Santiago; no seu apartado de “Miscelánea”, o redactor agradécelle ó socio Marcial Valladares que tivese:

la dignación de enviar con destino á la Biblioteca de nuestra Sociedad, un ejemplar del notable “Diccionario gallego-castellano”. (p. 316, nº 34, 30/11/1884).

As dúas impresións de 1884 presentan leves diferencias⁶, aínda que como dixemos, non afectan á tipografía.

A obra de Valladares resulta un diccionario de manexo máis doado e rápido cós seus predecesores, porque existiu unha maior preocupación en presenta-la información lexicográfica. Faise uso de tres tipos de letra: a versal, a redonda e a cursiva, e dous tamaños diferentes na parte da definición. A versal emprégase en destaca-lo lema da entrada e a redonda, na definición; entrada e definición van separadas, ademais, por un punto ó final da entrada. A letra cursiva úsase para as remisións a outras entradas e para marca-las expresións feitas ou modismos nas que entra a palabra definida. As acepcións sepáranse co signo igual (=). Tamén se fai uso da cursiva nos nomes científicos das plantas e animais e mais en enunciados da lingua coloquial que exemplifican o uso dalgunha acepción. En canto ó formato de cada artigo, a primeira liña aparece sangrada. Pola súa parte, cando o lema de entrada inclúe mostras literarias, os parágrafos organízanse en dous bloques: nun recóllese a definición; no outro figuran os textos en letra do mesmo tipo pero de menor tamaño cá da definición. Vexamos un exemplo de artigo de cada diccionario:

Rodríguez (1863)

Bandallo. 1º Trapo viejo, andrajo, etc. En port. id
|| 2º Toda cosa despreciable, sucia y aun de mala vida, etc. En port id.

Cuveiro (1876)

Curro – corral - cuadra donde trabaja el garañon-rincon.- En Sada llaman *curros* á los mújiles porque se encorvan cuando se fríen.

Valladares (1884)

CHÈIRAR. Oler=Olfatear. *Cheirar ò còbre*. Ser muy cara ó costar mucho una cosa.

«¡Moza pòbre bèn vestida! Mal me cheira a chamusquina.»

2. Unha novidade na lexicografía galega: as citas de textos literarios

No presente traballo ímonos cinguir ó estudio das citas de autor que, como novidade da lexicografía galega, figuraban nalgunhas entradas do *Diccionario* de Valladares.

⁶ Pódense ver no cotexo feito por A. Santamarina (2000:22). Nesta publicación tamén se poden confronta-las dúas portadas no CD-rom que o acompaña no comando “Índices-Prólogos e capas”.

No seu estudio sobre o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958-1961), X. González Millán (2001:155) indica que o de Eladio Rodríguez non é nin o único nin o primeiro dicionario de autoridades e engade que atrás quedaran outras experiencias de desigual fortuna, referíndose ó *Diccionario gallego-castellano* (1884) de Marcial Valladares e ó inconcluso dicionario da Real Academia Galega⁷, dos que di que xa empregaran textos literarios en galego, de tradición oral e escrita, para exemplifica-los lemas definidos. Nestas dúas obras, co emprego dun corpus literario escrito galego procurábase mostra-la existencia dunha tradición escrita en galego, aínda que breve; lexitimar certas escollas cos textos da tradición; e ó tempo, consolidar ós seus autores ou á obra como un modelo ó que poder seguir.

Xa que logo, Marcial Valladares foi o primeiro lexicógrafo en levar a cabo esta fórmula de incluír citas de autor, aínda que non a practique con tódalas entradas. Intentos anteriores foran ensaiados por Sarmiento e por Sobreira, que xa no século da Ilustración tentaran conxuga-la lexicografía e a literatura popular. Escribe Sobreira en *Idea de un diccionario de la lengua gallega*, editado por Pensado (1974)⁸:

[...] para acreditar el uso de las voces, que ahora lo tienen, necesito buscar muy diferentes apoyos. A tres órdenes pueden reducirse éstos, y son: *refranes, cantares y trato familiar*. Los dos primeiros acreditan el universal consentimiento en las significaciones y el veterano uso de las voces, por cuanto unos y otros circulan por toda la nación[...]. (Sobreira, ns. 63 e 64, pp. 208-209).

Neste senso, Marcial Valladares foi en parte continuador dos dous lexicógrafos do século XVIII. No seu *Diccionario gallego-castellano*, ó igual cós dous bieitos, vai incluír breves fragmentos literarios que acrediten a palabra lematizada como entrada. Así o indica o ullán no prólogo do seu *Diccionariogallego-castellano* (1884 p. VIII):

[...] compuesto de más de nueve mil trescientos vocablos, porción de ellos ilustrada y amenizada con ejemplillos, ora de escogidas poesías, en cortísimos fragmentos copiadas⁹; cantos, refranes y fragmentos que no traducimos, á fin de que el lector lo verifique, familiarizándose así con nuestro libro.

Valladares busca con estes “ejemplillos” a funcionalidade: é dicir, que certifiquen e exemplifiquen o uso do lema; tamén o deleite: que faga a lectura do dic-

⁷ Véxase B. Fernández Salgado (2000: 261-283) e mais D. Suárez Vázquez (2000).

⁸ *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia.

⁹ Na primeira edición do *Diccionario* saída no folletín do *EL LIBREDON*, en lugar de “ora de escogidas poesías, en cortísimos fragmentos copiadas” aparecía o que segue: “ora de cosecha propia; ora de populares cantos y refranes, ora de escogidas poesías en cortísimos fragmentos copiadas”.

cionario máis agradable; e, ademais, o didactismo: non traduce os textos para que o lector se familiarice coa lingua galega e, sobre todo, co manexo do propio dicionario, forzando ó usuario a busca-lo significado das palabras que descoñeza.

3. Tipoloxía dos textos incluídos

Valladares introduce dous tipos diferentes de textos para exemplificar. Os dous aparecen nos artigos lexicográficos en cadanseu lugar e coa súa tipografía. Dunha banda, están os que imos denominar *exemplos de uso* e doutra as *citas literarias*.

3.1. Os exemplos de uso

Trátase de enunciados ou frases coloquiais en que se contextualiza a palabra de entrada nunha situación de comunicación da vida cotiá, con aparencia de exemplos reais da lingua coloquial, aínda que de certo sexan inventados polo propio autor¹⁰.

Estes exemplos introdúcense no corpo da definición despois de cada acepción ou a seguir da equivalencia castelá e tipográfanse en cursiva do mesmo xeito cás frases feitas ou modismos. Este tipo de exemplos, máis cincocentos ó longo da obra, sempre aparecen traducidos ou parafraseados polo autor.

3.2. As citas literarias

As citas literarias aparecen dispostas ó final de tódalas definicións e en parágrafo á parte, en corpo de letra máis pequeno. Van encerradas entre comiñas (« ») e nunca aparecen traducidas, como o propio autor xustificaba no prólogo: “á fin de que el lector lo verifique, familiarizándose así con nuestro libro”. Estes exemplos literarios son á súa vez de dous tipos, segundo a autoría e a orixe. Valladares incluíu, por unha parte, *textos literarios anónimos*, da tradición oral popular: os cantares, dos que indicou entre paréntese a súa procedencia (cant. pop.) ou (poesía pop.), e os refráns. Por outra, inseriu *textos literarios de autor*, da tradición escrita galega recente, todos poéticos.

Segundo o noso propio relato, no *Diccionario* (1884) o número de textos literarios incluídos por Don Marcial é de 845. Considerando que contén sobre 16.000 entradas (Santamarina 2000:23)¹¹, vimos atopando unha cita literaria cada 19 palabras definidas. É un número considerable, aínda que non elevado en comparación coas 4.752 incluídas nas de 12.000 entradas do dicionario da Real Academia Galega¹², no que se dá unha frecuencia de case unha cita por cada 3

¹⁰ Estes deben ser ós que se refería Valladares como exemplos de “cosecha propia” no prólogo da edición do folletín, anaco de texto que desapareceu na segunda impresión. Vid. nota anterior.

¹¹ Máis das 10.600 que conta Valladares no prólogo. Tamén B. Fernández Salgado (2000:236) indicara que o número debía ser maior a este; polo seu procedemento de conta dábanlle 12.765 entradas.

¹² Vid. B. Fernández Salgado (2000: 263 n83).

palabras. Non obstante, deben terse en conta a época e as condicións de elaboración dun e outro dicionario. Os datos sobre os textos literarios aparecen na seguinte táboa clasificados por tipos:

TÁBOA 1. Citas literarias usadas no *Diccionario gallego castellano* (1884)

TOTAL	Cantigas populares	Refráns	Citas de autor
845	268	463	114
%	86,5%		13,5%

O noso cómputo de 463 refráns e 268 cantigas, aumenta en varios cantares o número botado polo autor ó final do prólogo do *Diccionario*:

[...] nos atrevemos á publicar, más de diez mil seiscientos vocablos, cuatrocientos sesenta refranes, proverbios y decires, fragmentos poéticos de que arriba hablamos y doscientas cuarenta y dos cantigas.

Sen embargo, Valladares non informa do número dos textos poéticos dos autores. Podemos especular con que quizais estes lle parecían poucos: 114 textos de 33 autores diferentes, fronte ós máis de 700 da literatura popular, entre cantigas e refráns. Derivado disto poida que, nesta época, as cantigas e refráns lle parecían a Valladares que ofrecían máis credibilidade como autoridade lingüística pola súa antigüidade cós textos poéticos de autores contemporáneos. Se cadra, simplemente, Valladares non estivese certo da cantidade exacta, polo feito de que fora incluíndo fragmentos poéticos ata case o último instante de dar ó prelo o *Diccionario* (1884). Proba diso é que varios fragmentos pertencen a poemas publicados en 1883; por exemplo, a cita aparecida no lema de entrada TRUNFAR pertence a un poema de B. Losada deste ano.

Os datos da táboa anterior parecen reflectir unha predilección de Valladares pola literatura popular como autoridade. Esta predilección é só aparente e vén motivada por razóns de tipo práctico: a abundancia de cantigas e refráns de que dispuña Don Marcial, varios centos de cada que el mesmo fora recollendo pola súa terra da Ulla, contrastaba coa escaseza de textos literarios escritos en galego cando Valladares se pon a redacta-lo seu *Diccionario*¹³. Sobre esta precariedade, abonde con dicir que a mediados da década de 1860, cando cremos que leva a cabo a elaboración definitiva do dicionario, incluíndo tamén os fragmentos literarios, o rosaliano *Cantares gallegos* (1863) era a segunda publicación en galego con formato de libro aparecida no que ía de século XIX, xa que en 1853 vira a

¹³ No prólogo (p. VI) indica que comezou arredor de 1850: “Nosotros, que desde mil ochocientos cincuenta venimos ocupándonos en tareas parecidas á las del Señor Rodríguez...”, referíndose ó autor do primeiro dicionario galego (1863).

luz a trilingüe *A gaita gallega*, de X.M. Pintos¹⁴. Así pois, a falla de autores clásicos e a escaseza de textos modernos foi suplida por Valladares recorrendo á literatura popular galega que, dunha banda, tiña tradición, doutra, era abundosa e, ademais, a mediados do século XIX adquirira certo prestixio trala súa revalorización e dignificación á calor das ideas do Romanticismo.

4. As citas de autor

4.1 Os autores

Marcial Valladares incluíu 114 citas literarias, todas poéticas, que corresponden a 33 autores diferentes. A identificación do autor do texto –nunca aparece a referencia ó título nin do poema nin da obra–, figura ó final da composición, en liña á parte e entre parénteses, igual ca nas cantigas populares.

Polo común, o nome indícase coa letra inicial¹⁵ en maiúscula e, a seguir, o apelido máis identificador do autor. A maioría das veces é o primeiro: F. Añón, J.M. Pintos; outras pola contra é o segundo: M.C. Enríquez, J.G. Mosquera. Só nunhas poucas ocasións figuran os dous: J. Barcia Caballero, J.A. Saco y Arce. Unha soa vez aparecen as iniciais do nome e apelido, A.C., algo habitual na prensa decimonónica; e outra sucede o mesmo, máis acompañadas da procedencia do autor: J.G. del Ferrol. Rosalía de Castro, pola súa parte, sempre figura como R.C. de Murguía.¹⁶

Algúns autores presentan problemas de identificación, como A.C., de quen Valladares escolmou tres fragmentos nas voces AQUELOUTRADA¹⁷, CIGALLADAS e DIAÑO¹⁸. Segundo Carballo Calero (1981: 126 n.40) trátase do xornalista lugués Antonio Castro Martínez, redactor do *El Correo de Lugo*. Tamén observamos dúas erratas que teñen que ver co troque de iniciais. Unha refírese a F.G. del Ferrol, na entrada BADALO, que é en realidade J.G. del Ferrol (Juan Gómez), escolmado na cita de PALLA D'OS NABOS¹⁹. O outro aparece no frgammeto de OUFEGAR que vén asinado por J.A. Pereira, cando se trata realmente de A(ureliano). J. Pereira, usado outras tres veces no *Diccionario*. Por outra parte, falamos de 33 autores, xa que identificamos a Mingos Gallego, citado nas entradas ESTRÒSA, LE-

¹⁴ Valladares tamén dispuña nesta altura dos poemas publicados en revistas e xornais. Con respecto a estes e baseándonos no traballo de X. M. Dobarro Paz (1995), contamos 317 composicións poéticas no período entre 1840-1862. Un tercio delas foron escolmadas por A. de la Iglesia no *Album de la Caridad* (1862).

¹⁵ Só no caso de Alberto Camino se usa sempre a abreviatura *Alb.* e noutra ocasión *Albt.*, supoñemos para evita-la confusión co seu irmán Antonio.

¹⁶ Rosalía Castro de Murguía é o nome que lemos nas portadas das primeiras edicións de *Cantares Gallegos* (1863) e *Follas novas* (1880).

¹⁷ As referencias ó lema de entrada do Diccionario faise sempre en letra versal.

¹⁸ Os anacos pertencen a un poema de longo título “Á Consagración do Ilustrísimo señor D. Fr. Manuel García...”, datado de 1854 e recollido en 1862 no *Album de la Caridad*.

¹⁹ Á parte do nome pouco máis se sabe deste autor. Os dous fragmentos incluídos del pertencen ó poema “O pleiteante” publicado tamén no *Album de la Caridad*.

GRUMANTE e RESALGARIO, como pseudónimo de Francisco M^a de la Iglesia²⁰. Pode verse ó final a lista completa dos autores citados por Valladares no seu *Diccionario*.

Tódolos autores escolmados son coetáneos de Marcial Valladares. Cando en 1884 se publica o *Diccionario*, algúns xa faleceran: A. Camino, Turnes, García Mosquera e Gil fináranse na década dos sesenta; Añón, Pintos e D. Camino, na dos setenta; e Fernández Anciles, Saco Arce e A. Murais, nos primeiros anos dos oitenta.

A seguir indícase o número de autores con cita agrupados pola data en que naceron:

TÁBOA 2. N° de autores incluídos segundo a década de nacemento

1810/19	1820/29	1830/39	1840/49	1850/59	1860/65	¿-?
8 ²¹	7	5	2	4	3	4 ²²

Por datas de nacemento, os autores abranguen un período que vai dende 1776, ano en que nace Vicente Turnes, o poeta máis vello escolmado e o único nacido no século XVIII, ata 1865, en que o fai Manuel Lago González, quen con 18 anos é o autor máis novo citado por Valladares.

Dos 33 autores e 114 textos, Valladares non inclúe ningún do período de transición de 1808 a 1840. O maior número de autores, 2/3 deles, pertence á “xeración dos provincialistas (1845-1868)”; o outro tercio integraríase na xeración posterior a 1868 (M. C. Ríos Panisse 2000)²³.

Seguindo a delimitación feita por esta autora, Valladares emprega como cita a sete autores do “primeiro provincialismo”: Turnes, Pintos, Añón, A. Camino, a el mesmo, Antonio de la Iglesia e J.B. Amado. Son todos nados antes de 1822²⁴.

²⁰ Segundo o *Diccionario da Literatura Galega II, Publicacións periódicas* (1997:485), no artigo dedicado a *O VELLO D’O PICO-SAGRO* (A Coruña 1860) sinalase a Mingos Gallego como único redactor da publicación e pseudónimo baixo o cal se agochaba Francisco de la Iglesia. Vid. tamén Carballo Calero (1981:108 n.49).

²¹ Inclúese tamén a V. Turnes, nacido en 1776.

²² De A.G. Vazquez-Queipo só sabémo-lo ano da morte (1912). De A.C., F. Lourido e J.G. del Ferrol non coñecemos data de nacemento nin de morte.

²³ M. C. Ríos Panisse (2000:150-152) distingue no “provincialismo” (1841-1868) dous grupos: os pertencentes ó “primeiro provincialismo” ou xeración “do 46” (Pintos, Añón, Camino, Valladares...), que agrupa seguindo o criterio do ano en que comezan a escribir en galego, arredor de 1845; e os pertencentes ós que Ríos Panisse considera como do “segundo provincialismo” ou xeración “do 54”. Dentro deste últimos, separa por data de nacemento outros dous grupos: un de escritores contemporáneos dos primeiros provincialistas, pero que comezan a escribir na década dos cincuenta (Fernández Anciles, García Mosquera, B. Losada...); e outro máis novo (Pérez Ballesteros, Saco, Pondal, Rosalía...). Ríos Panisse recoñece os inconvenientes destes agrupamentos e sinala que moitos destes escritores seguiron escribindo despois de 1868, ano onde ela pon o límite da xeración provincialista.

²⁴ Incluímos dentro da xeración “do 46” a Antonio de la Iglesia e a J.B. Amado, pois na relación de autores de X.M. Dobarro (1995:51-52) ambos figuran con cadanseu poema na década dos corenta.

Os outros 8 autores nados tamén antes de 1830, Francisco de la Iglesia, Fernández Anciles, J.M. Gil, García Mosquera, Posada, J. B. Amado, D. Camino ou B. Losada²⁵, formarían parte da xeración máis vella do “segundo provincialismo”, pois non comezan escribir en galego ata a década dos cincuenta.

Da xeración máis nova do “segundo provincialismo”, Valladares inclúe 5 autores nados todos na década dos trinta. Son Pérez Ballesteros, Murguía, Saco Arce, Pondal e Rosalía de Castro. Este importante grupo de autores darán os seus mellores froitos na etapa de madurez, a partir de 1875. De feito os fragmentos que Valladares inclúe de Pérez Ballesteros²⁶ son do libro publicado xa na década dos setenta *Versos en dialecto gallego* (1878). No caso de Saco Arce sucede o mesmo, as citas²⁷ pertencen ó libro *Poesías* (1878). Tamén no caso de Rosalía de Castro, cinco fragmentos son de *Follas novas* (1880).

Os 9 autores restantes utilizados pertencen á xeración seguinte. Os máis vellos: Martínez González, Lamas, A. Muruais, Curros, Barcia Caballero e A. J. Pereira naceron contra mediados do século²⁸ e comezan a publicar en galego na década de 1870, trala restauración borbónica. As citas que destes escritores inclúe Valladares son destas datas e veñen se-los seus primeiros froitos poéticos.

Os máis novos, Lugrís Freire, o Marqués de Figueroa e Lago González, nados nos sesenta, case non tiñan publicado en galego cando se edita o *Diccionario*; a súa inclusión é testemuñal e quizais se deba no caso dos dous últimos á amizade gañada da colaboración na revista a *GALICIA CATÓLICA*. (Santiago, 1883)

Tendo en conta as xeracións, o número de autores e as referencias textuais de cada escritor, tirámo-los seguintes datos e conclusións:

TÁBOA 3. Autores e citas incluídas no *Diccionario* segundo a súa xeración

“1º provincialismo”		“2º provincialismo” xeración nova		“2º provincialismo” xeración vella		Xeración posterior a 1868	
<i>Autores</i>	<i>Citas</i>	<i>Autores</i>	<i>Citas</i>	<i>Autores</i>	<i>Citas</i>	<i>Autores</i>	<i>Citas</i>
7	49 (46%)	7	14 (14%)	5	24 (23%)	7	20 (17%)

Aínda que parece haber certa equidade na representación de autores por xeracións, 7 por cada unha, agás 5 na xeración nova “do 54”, sen embargo son os autores do “primeiro provincialismo” os que máis veces emprega Valladares, ata o 46% das citas totais; seguidos dos escritores da xeración máis nova do “segundo provincialismo”, que malia ser só 5, representan o 22,5% das citas.

²⁵ B. Losada, aínda que nacido en 1824, non comeza a escribir en galego ata o último tercio do século XIX.

²⁶ Aparecen nas entradas ABOLIGAR, BANEAR, CACARAÑADO, DEGOIRADOR e ESLIGAR.

²⁷ Figuran nas entradas: ALDRAJAR, POUPEAR e VOLVORETA.

²⁸ Tanto Martínez González como Lamas Carvajal naceran en 1849.

Valladares escolmou os escritores con bo criterio, xa que dos que emprega varias citas convertéronse co tempo nos mellores representantes da súas respectivas xeracións. Seguindo a orde por número de citas incluídas, da xeración nova “do 54” destácase Rosalía de Castro con 14 citas de 12 poemas²⁹. Sobresaen da xeración “do 46” Alberto Camino con 12 citas pero de 6 poemas³⁰, F. Añón con 11 de 5 composicións³¹, con 9 de 6 poemas o propio Valladares³² e tamén con 9, pero de 4 poemas está Antonio de la Iglesia³³. Pola súa parte, Francisco de la Iglesia, con 7³⁴ referencias é o máis empregado dos máis vellos “do 54”. Dos autores das xeracións posteriores, só Curros Enríquez figura con máis de 5 citas, aínda que só de 2 poemas³⁵.

Chama a atención as citas referidas a algúns autores. Por exemplo, parécenos poucas as 5 mencións de Pintos; máis, cando o pontevedrés é dos autores con máis produción poética do seu tempo, amais de ser autor dun libro senlleiro xa na súa época³⁶. Así mesmo estraña unha soa cita de Pondal.³⁷

En canto ó lugar de procedencia, a gran maioría dos autores das citas son nados nas grandes vilas das provincias atlánticas da Coruña e Pontevedra, das que destaca Santiago como berce de 9 escritores. As provincias orientais de Ourense e Lugo están pouco representadas, con 4 e 2 autores, respectivamente.

4.2. O texto da citas de autor

O xénero literario privilexiado nas citas de autor incluídas por Marcial Valladares é a poesía³⁸. Non podía ser doutra maneira, xa que o galego nese momento era considerada unha lingua eminentemente apta para a creación poética. Das 114 referencias, 113 están tiradas de poemas e só 1 pertence a unha peza teatral. Trátase esta última de dous versos incluídos para exemplificar a voz MOZARRÍA, que

²⁹ Aparecen nas entradas: ALUNARADO, APÉRTA, AMÓRIÑA, AVÍO, DEIJAR, ENJIDIÑO, GACHE : GACHI, GRORIA, LAMPO, LER, ÑAPRENDA, QUEIMOR, SAUDADE, TURRAR.

³⁰ Aparecen en CASTAÑOLAS, CHORON, CÓLO, CORDAS, CÒVA, JAMAIS, ¡ÒITE!, OUTONO, REBOLADA, ROLEIRO, SOLEDADES, VIDIÑA.

³¹ Aparecen en APOUVIGAR, ESBORRECAR, MANDRUGUEIRO, PATUJAR, REBOLO, REBULDAR, RECÍO, TEIMA.

³² Aparecen en ALMIBRE, AMORILLONS, DELOIRA, DIJO MOITO, ESCONTRA, ESTRIBILLAR, FIO Á FÍO, LÉRIO, NIÑADA, ZAS.

³³ Aparecen en AJIÑA, BEIZIÑO, CHUCHAR, MAYO, NAICIÑA, PASPALLÁS, PEPIÑO, TRAGUER, VIRGIÑA.

³⁴ Aparecen en ANACO, MOZARRÍA, MUSGAR, PERUCHO, como F. de la Iglesia; en ESTRÓSA, LEGRUMANTE, RESALGARIO, como Míngos Gallego.

³⁵ Aparecen en ARASTORA, E, ESMIOLAR, FOLÉPIÑAS, TURREIRO.

³⁶ Valladares tampouco fai ningunha referencia a Pintos na *A gaita gallega* no prólogo do *Diccionario*, como fai con outros escritores e lexicógrafos, e iso que a obra inclúe galego-latino.

³⁷ Nas seguintes engádegas de Valladares ó *Diccionario*, publicadas como *Nuevo Suplemento al Diccionario gallego-castellano publicado en 1884* (1896) por M. Ares, só vai incluír outra cita máis de Pondal, cando nesa altura era o poeta máis considerado dos coetáneos trala publicación de *Queixumes d'os pinos* (1886).

³⁸ No *Nuevo Suplemento* (1896) Valladares si vai introducir xa algunha cita en prosa de Martelo Pauman e do *Catecismo do Labrego*, e varias referencias ó galego medieval.

pertencen ó primeiro drama en galego *A fonte d'o xuramento* (1882) de Francisco M^a de la Iglesia³⁹.

O número de citas de autor por entrada adoita ser un; excepción é o artigo de MAYO no que figuran dúas estrofas do mesmo poema de Antonio de la Iglesia. Nalgunhas entradas si aparecen á vez unha cita e un refrán, por exemplo nas voces NAI, LÒSTREGO... Pola contra, son raros os casos das entradas DIAÑO ou PAS-PALLÁS en que figuran unha cantiga e mais un fragmento poético.

As citas distribúense ó longo do dicionario proporcionalmente respecto ó volume de entradas en cada letra. En A é onde máis aparecen, 16; en tanto que en Ñ e Z só se inclúe 1. Pola súa parte, en U e X non se usou ningunha⁴⁰.

A cita do autor reproducése en parágrafo á parte ó final da definición, polo que os fragmentos poéticos poden referirse a calquera das acepcións da palabra. O normal, sen embargo, é que os exemplos remitan á acepción máis próxima. Véxanse senón os casos da cita de J.B. Amado usada na voz MONSÈRGA; de Curros, en ESMIOLAR; de G. Mosquera, en FUMEGAR e TERREO; de Rosalía de Castro, en LAMPO e SAUDADES; de Saco Arce, en ALDRAJAR; de Turnes, en DONA e JANTAR; de D. Camino, en LÒSTREGO; ou do propio autor do *Diccionario*, en ESTRIBILLAR. En cambio, as citas de Rosalía de Castro na voz QUEIMOR, de A. Camino en OUTONO, de J.M^a Gil en TRAVESÍO ou de Lugrís en MORRER exemplifican as acepcións máis afastadas do exemplo.

4.2.1. *As fontes*

A obra lexicográfica de Valladares é un dicionario do galego moderno e, como tal, os textos empregados nas citas son tamén fragmentos literarios modernos. Xa nos referimos anteriormente ós autores; imos tratar agora dos textos e das súas posibles fontes. O que primeiro chama a atención é que Valladares nunca da a referencia de onde toma o fragmento (poema, libro, revista...), soamente fai consta-lo nome do escritor.⁴¹

Os textos escolmados por Valladares abranguen un período que vai dende 1845 ata finais de 1883. Os poemas máis antigos datámolos de 1845: “O desconsolo”, de Alberto Camino; “Recordos da infancia”, de Añón; “Soidades”, do propio Valladares; un “Diálogo...”, de Turnes, e “O pleiteante”, de Juan Gómez, que quizais sexa a máis antiga, anterior a 1840. Os fragmentos máis modernos do *Diccionario* foron publicados en 1883 e pertencen ós poemas: “A volta dun soldado” de M. Martínez González, “Tempos é tempos”, do Marqués de Figueroa; “A Virxen d’Aránzazu”, de Barcia Caballero; e “N-a morte d’un vate”, de B. Losada.

³⁹ Os versos, postos en boca de Tadea, pertencen a escena IX do primeiro autor.

⁴⁰ Na letra A aparecen 16, en B 3, en C 12, en D 6, en E 11, en F 7, en G 3, en J 2, en L 4, en M 9, en N 4, en Ñ 1, en O 4, en P 8, en Q 1, en R 6, en S 4, en T 8, en U 0, en V 4, en X 0 e en Z 1.

⁴¹ Segundo González Millán (2001:157) débese “á deficiente canonización dos títulos” neste momento.

Don Marcial redactou o seu *Diccionario* en dous períodos de tempo diferentes, segundo sinala el mesmo no prólogo (p. VIII), e isto reflíctese no tratamento dado ós textos de autor. Aínda que a obra se comezou a publicar a primeiros de 1884, Valladares afirma tela rematada o 30 de xuño de 1869. Sen embargo, continúa Don Marcial, “llegó ocho años después á nuestras manos, ó sea en 1876, el diccionario del señor Cuveiro Piñol”, feito que o animou a retomar de novo a súa obra lexicográfica para completala, engadindo novas palabras e actualizándoo literariamente con novas citas de autor.

Tomando, pois, o ano de 1869 como lindeiro dos dous períodos de redacción e unha vez que localizámo-lo poema ó que pertence a cita, podemos establece-lo seguinte cadro diferenciando por décadas o número de poemas e de citas empregadas por Valladares:

TÁBOA 4. N° de poemas e fragmentos incluídos por décadas

1840-1849		1850-1859		1860-1869		1870-1879		1880-1883	
Poemas	Citas	Poemas	Citas	Poemas	Citas	Poemas	Citas	Poemas	Citas
7	20	14	21	23	33	11	15	23	24

As 114 citas de autor incluídas pertencen a unha peza dramática en verso e a 77 poemas diferentes, que se distribúen con certa equidade entre 1845-1869 e 1875-1884: 44 poemas, o 57%, son de antes de 1869, e 34, o 43%, posteriores a este ano⁴².

Dos 44 poemas anteriores a 1869 empregados no *Diccionario*, 27 (o 63,5% deles) figuran escolmados por Antonio de la Iglesia no *Album de la Caridad* (1862), case con toda seguridade a fonte de onde os tomou Marcial Valladares⁴³. Outros 6 poemas, da autoría de Rosalía, foron tomados de *Cantares Gallegos*

⁴² As conclusións son diferentes se empregamos só o número de citas: 74 (o 65% delas) pertencen a poemas anteriores a 1869, fronte a 29 exemplos (o 35%) de autores tirados de poemas posteriores a 1869.

⁴³ Sempre nos queda a dúbida de se foi o *Album* a fonte de todos, ou se Valladares os copiou doutras publicacións. Por exemplo, na revista *GALICIA REVISTA UNIVERSAL* (A Coruña 1860-1865) localizamos oito destes poemas incluídos no *Diccionario* (de Añón, A. Camino, F. de la Iglesia, Rosalía de Castro e do propio Valladares e 3 de A. de la Iglesia). As composicións máis afamadas, sobre todo as de A. Camino, Añón, García Mosquera e Pintos, ademais de no *Album*, foron reproducidas varias veces en revistas e xornais. Tamén foron escolmadas en pequenas antoloxías que figuraban como apéndice doutras obras, como a aparecida en *Galicía médica* (1867) de Ramón Otero, que recolle “O desconsolo” de A. Camino e “A Galicía” de Añón; así mesmo no apéndice de “Poesías escogidas” (p. 283-313) na *Gramática gallega* de Saco Arce (Lugo: Imprenta de Soto Freire, 1868) escólmanse poemas incluídos no *Diccionario*: “Adios ríos, adios fontes” de Rosalía; a “Cantine-la gallega” de García Mosquera; e “O desconsolo” e “Nai Chorosa” de A. Camino. En canto ós fragmentos de Pintos no *Diccionario*, 4 localizámoslos en *A gaita gallega* (1853); sen embargo, este libro cremos que non foi a fonte de Valladares, pois o uso que se fai das grafías <j>, <x>, por exemplo, na palabra *baixo* do verso “como o foguete, sòbe, estoupa e baixa”, da cita do poema “Cristus” do lema FOGUETE, semella sinalar ó *Album* como a orixe do fragmento; máis, sabendo a predilección de Valladares por <j>:

A gaita gallega (1853)
“...sobe estoupa e *baixa*,”

Album de la Caridad (1862)
“...sobe, estoupa e *baixa*,”

Diccionario (1884)
“...sòbe, estoupa e *baixa*,”

(1863)⁴⁴ e os 3 poemas de Mingos Gallego pertencen ben seguro a *O VELLO DO PICO-SAGRO* (A Coruña 1860)⁴⁵. Por outra parte, as citas do propio autor remiten en varios casos a composicións inéditas, como o caso do poema “Taresa e Tomás”⁴⁶, citado nas entradas DELOIRA e ESCONTRA, e dos dous epigramas, nas entradas ALMIBRE, DIJO MOITO e ZAS.

Con respecto ás fontes dos fragmentos incluídos con posterioridade a 1876, cando Valladares di retomar outra vez o seu *Diccionario*, el mesmo suxire cales foron estas: Escribe no último parágrafo do prólogo (p.VIII) ó *Diccionario*:

Escrito lo que antecede á poco de publicada la *Gramática gallega* verdadera gramática ya, del malogrado virtuoso eclesiástico señor Saco Arce y cuando venido no habían aun al mundo de las letras el periódico *Tio Marcos d'a Portela*; las *Poesías* de aquel; *Espiñas, follas é froes*, de Lamas Carvajal; *Saudades*, del mismo autor; *Aires d'a miña terra*, de Curros Enriquez; *Follas Novas*, de la señora Castro de Murguía; *Versos*, de Perez Ballesteros; *Risas y lágrimas*, de Marcos Santos; *Fonte d'o xuramento*, de D. Francisco María de la Iglesia y *Mesa revuelta*, de Barcia Caballero.

Efectivamente, Valladares incluíu fragmentos destes libros e autores que menciona, a excepción de *Risas y lágrimas* de Marcos Santos⁴⁷. Dos 34 poemas datados despois de 1869, 20 deles (case o 60%) pertencen ás obras citadas. As 5 citas de Rosalía pertencen a 5 poemas de *Follas Novas* (1880)⁴⁸; as 5 de Pérez Ballesteros son de 4 poemas de *Versos en dialecto gallego* (1878); os 5 exemplos de Curros son de 2 poemas de *Aires da miña terra* (1880)⁴⁹; as 3 citas de Saco Arce son de 3 poemas das súas *Poesías* (1876); dos tres fragmentos de Lamas Carvajal, 2 atopámoslos en *Saudades Gallegas* (1880)⁵⁰; os 2 anacos de Barcia Caballero son de cadanseu poema recollidos no bilingüe *Mesa Revuelta* (1883)⁵¹; finalmente, os versos de F. de la Iglesia son da peza *A fonte d'o Xuramento*, estreada na Coruña en 1882.

⁴⁴ Dos cinco poemas que de Rosalía se recollen no *Album*, Valladares incluíu só un fragmento de “Adios, que eu voume” (no lema AMÓRIÑA). Aparecera xa na revista GALICIA (1861), despois no *Album* e volverá recollerse logo en *Cantares gallegos* (1863) como “Adios ríos, adiós fontes”. Polo confronto das dúas versións últimas do seguinte verso do fragmento, parece que foi o *Album* a fonte e non *Cantares*:

<i>Album de la Caridad</i> (1862)	<i>Cantares gallegos</i> (1863)	<i>Diccionario</i> (1884)
“Q’eu lle daba ò meu amor”	“Qu’eu lle dab’ó meu amor”	“qu’ eu lle daba ò meu amor;”

Os outros 6 poemas de Rosalía si están sacados de *Cantares gallegos*.

⁴⁵ Non puidemos comprobalo, pois non tivemos acceso á revista.

⁴⁶ Vid. X.M. Dobarro (1995:55).

⁴⁷ Segundo Carballo (1981:464), Manuel de Marcos Santos publicou este libro bilingüe en Noia en 1881.

⁴⁸ Un pertence á parte de “Vaguedás”, tres a de “Varia” e outro a “Da terra”.

⁴⁹ Os poemas son a longa e premiada lenda “A Virxe d’o Cristal” (1877) e a “Cántiga” (1869), que había ser famosa pola muiñeira que para ela compuxo o seu amigo Cesáreo Alonso Salgado.

⁵⁰ Fáltanos por localiza-lo fragmento de Lamas incluído no artigo MUSEAR.

Outros fragmentos poéticos localizámoslos en obras colectivas. Na *Colección de poesías gallegas de varios autores*, de Francisco Portela Pérez, impresa en Pontevedra en 1882, atopamos 4 poemas dos empregados por Valladares. Son fragmentos de “O Bautismo” de Andrés Muruais, incluído na entrada ¡CANTÈ!; de “A Isolina” de J.M. Posada, en OLLAR; de “A romería” de J.B. Amado, en MONSÈRGA; e de “Cousas de vellos” de Aureliano J. Pereira, que Valladares emprega na voz SAREGO. Doutra banda, o fragmento de B. Losada incluído en TRUNFEAR pertence ó poema “N-a morte d’un vate” e foi copiado por Valladares da *Corona fúnebre* (1883) por Andrés Muruais, a quen llo dedica e na que Marcial tamén participou.

Por último, tamén a prensa periódica foi outra fonte para Valladares. Nestes casos, os autores das citas son escritores novos e non publican libro ata despois de 1884. Por exemplo, o fragmento poético do Marqués de Figueroa é do seu poema “Tempos é tempos”, que vemos revista *GALICIA CATÓLICA*, no exemplar nº 8 do 1/4/1883. Tamén o fragmento do propio Valladares, do poema “Inés fiando”, que aparece para contextualizala expresión FIO Á FÍO, fora publicado en 1879 en *LA ILUSTRACIÓN GALLEGA Y ASTURIANA* (Madrid 1879-1881). Esta revista, á que estaba suscrito Don Marcial, tamén debeu se-la fonte do fragmento incluído do poema “Rei dos castros, castro forte” na voz CERQUEIRO⁵², a única cita incluída de Pondal.⁵³

Se observámo-la táboa anterior, decatámonos de que conforme avanza as décadas e aumenta a produción literaria en galego, diminúe o número de fragmentos que Valladares repite dun mesmo poema; de feito, nas citas incluídas a partir de 1876 só repetiu poemas de Pérez Ballesteros, de Rosalía e de Curros, un de cada. Desde este punto de vista, a composición que é usada máis veces nas citas, sempre con versos diferentes, é a famosa “O desconsolo” (1845) de Alberto Camino, utilizada en 7 citas⁵⁴. Os “Recordos da infancia” (1845) e “O magosto” (a. de 1862), os dous de Añón, foron usados 4 veces cada un. Tamén outros 4 fragmentos diferentes incluíu Valladares do xa mencionado “A Virxe d’o Cristal” (1877), de Curros Enríquez⁵⁵.

⁵¹ Un deles, “O arco d’a vella” (1881), xa aparecera reproducido varias veces, entre delas, unha na publicación *EL PORVENIR* (Santiago 1883-1887) do 10/9/1881, ocupando máis de media páxina, tras ser premiado no Certame literario de Vigo en xuño dese ano. Barcia Caballero era colaborador deste diario.

⁵² Publicada en *LA ILUSTRACIÓN GALLEGA Y ASTURIANA*, nº 1, 8/1/1880. Tamén a puido copiar da *GALICIA DIPLOMÁTICA*, onde apareceu no nº 30 do 28/1/1883. Despois figuraría en *Queixumes d’os pinos* (1886)

⁵³ Os fragmentos dos outros outros escritores novos, F. Lourido, Lugo e M. L. González, citados en *ARREQUECER, MORRER e FILLIÑO*, respectivamente, non os demos localizado antes de 1884, pero case seguro que a súa fonte foi *EL ECO DE GALICIA* da Habana, nos dous primeiros, e *GALICIA CATÓLICA* no terceiro.

⁵⁴ Valladares só deixou por reproducir as estrofas II, VI e IX

⁵⁵ Repetiu 3 anacos diferentes tamén da “Cantinelas gallega” (1858) de García Mosquera; “O Mayo” (1861) e “Muiñeira da despedida” (1861), ambos de A. de la Iglesia; e de Rosalía “Vente rapasa, vente meniña” (1863).

4.2.2. A versión das citas

Valladares, como autor do *Diccionario*, actúa á vez de editor das poesías escolliadas. É significativo que as citas vaian encerradas entre comiñas (« »), co que se está dando a entender que estas son palabras literais do escritor. E certamente, adoita respecta-las opcións léxicas e morfolóxicas dos autores⁵⁶. Sen embargo, si intervén na parte gráfica e así adapta os fragmentos escolmados á ortografía que el segue no seu *Diccionario*.

Segundo os confrontos feitos entre a versión do *Diccionario* e a da fonte orixinal, sobre todo naqueles casos en que estabamos máis seguros desta, Valladares actúa sobre os textos da seguinte forma:

1. Marca regularmente a abertura das vocais co acento grave, tanto as vocais medias: *sèmpre, è, mèsma, pròbe, ò, consòlo...*; como na contracción à [a:]
2. Unifica a grafización das contraccións de preposicións e artigos, empregando o apóstrofo cando se trata das preposicións *de* e *en*: *d'o, n'o, d'este, n'este, d'un, n'un...* e con *con* cando segue o artigo masculino: *c'o, c'os*. En troques, usa o guión para *con* cando segue a forma feminina do artigo ou os pronomes persoais de terceira persoa e os demostrativos: *co-as, co-el, co-este...*
3. Unifica tamén a representación da segunda forma do artigo, utilizando sempre dobre guión: *po-l-os dòces amores, ve-l-a terra miña...*
4. No encontro das vocais na cadea fónica, representa, polo xeral, máis casos de elisións e contraccións vocálicas das que adoita haber nos orixinais do autor.
5. Volve puntua-lo texto escolmado
6. Con respecto ó uso ás grafías <g>, <j>, <x> para representa-lo son [j], polo xeral Valladares adapta as palabras do texto, facendo uso desas grafías segundo a ortografía da palabra de entrada no seu *Diccionario*, onde se observa unha clara preferencia por <j>⁵⁷. Por exemplo, na versión de “O desconsolo” do *Album de la Caridad* lemos: *baixar* e *baixo*; en cambio nas citas do *Diccionario* incluídas nas voces CÒVA e ROLEIROS, vemos *baijar* e *baijo*, grafados igual cás entradas BAIJAR e BAIJO. Outro exemplo do mesmo vémolos en “Recordos da infancia” de Añón: na versión do *Album* lemos: *Deixabámolas, Anjeliña, paxariños*, mentres que nas mesmas citas deste poema que aparecen no *Diccionario* en GOMO, MARRAR e CARNICEI-

⁵⁶ Só atopamos un caso en que Valladares modifica a morfoloxía do lema que lle vale de entrada. Trátase da palabra NAICIÑA, que figura como *naíña* no versos do poema “Muiñeira de despedida” de A. de la Iglesia publicado no *Album de la Caridad*.

⁵⁷ Sempre pode queda-la dúbida de cál foi a fonte empregada por Valladares. Se tirou a cita do *Album de la Caridad*, o poema, respecto ó uso destas grafías, xa fora manipulado por A. de la Iglesia, editor da antoloxía. Con todo, en varias ocasións, Valladares volve introducir modificacións neste punto.

RA, Valladares modifica os fragmentos para: *deijabámolas, Angeliña, pajariños*, segundo os lemas entradas dos seu *Diccionario*: DEIJAR, ANGELIÑO, PAJARO.


Esta actitude de Valladares de intervir sobre o texto de cita no uso de <g>, <j>, <x> observámola nos textos incluídos antes de 1869; isto é, durante primeiro período de redacción a que nos referiamos antes. A súa actitude muda cos textos inseridos no *Diccionario* a partir de 1876. Coma tal, nos fragmentos empregados de Rosalía de *Cantares gallegos* (1863) aínda vemos formas como *dèijame*, na cita incluída na entrada de DEIJAR; *enjidiño*, na de ENJIDIÑO; *ja* na de LER; *Jan*, na de TURRAR, etc. En cambio, nas citas tomadas das obras das décadas posteriores Valladares respecta a ortografía orixinal do autor; por exemplo, en *Xan, xardín* na cita de Curros Enríquez incluída en E; *Xesús e aldraxar*, na cita de Saco Arce da entrada ALDRAJAR⁵⁸; *paxaros*, na de Pérez Ballesteros en ABOLIGAR; *lonxe* nunha cita de A.G. Vázquez-Queipo, en OUTEAR; *roxas* na de Barcia Caballero, en ARCO D'A VÈLLA; etc⁵⁹. Tódalas citas pertencen a poemas datados con posterioridade a 1869.

7. Polo xeral, Valladares mantén a grafía <y> para o alófono da conxunción copulativa *e* en contexto antevocálico. Por exemplo lemos “y, aparellando pra a tèrra”, na cita de A. C. da voz CIGALLADAS. Tanto é así, que no artigo deste lema E, o único exemplo que figura na cita de Curros da conxunción aparece na súa realización como semivocal: “Y a coitada, entre queixas, decía.”, sancionándoa como válida.
8. Tamén respecta esta grafía <y> para os casos en que representa un iode epentético; por exemplo nos versos de Saco Arce “Pròbe y-alma, pròbe y-alma”, da cita aparecida en VOLVORETA.

Como exemplo das modificacións operadas por Valladares, mostramos a versión do fragmento de X.M. Pintos publicada no *Diccionario* (1884) na entrada SIRIN, para que se confronte coas súas posibles fontes; o fragmento pertence ó poema “A Pontevedra”:

⁵⁸ Repárese no xeito de actuar de Valladares en dous casos semellantes, antes e despois de 1869, con dúas citas datadas de 1863 e de 1878. No lema DEIJAR, seguramente redactado antes de 1869, modifícase o orixinal de Rosalía *déixame* (como aparece en *Cantares*, 1863) para *dèijame*, acomodándose á entrada do *Diccionario*. En cambio, en ALDRAJAR, que Valladares redactou no segundo período, na cita de Saco respéctase o orixinal *aldraxar* (como aparece no poema “A Xesús” de *Poesías*, 1878).

⁵⁹ Asíe e todo, hai algunha excepción: *Jan* aínda aparece unha vez na mesma cita de Curros en que aparecía *xardín e Xan*.



<p><i>A gaita gallega</i> (1853)</p> <p>Nese chan à veira mar No pracer adormentada Ou encantada, Te regalan un sin fin De paxáros ben cantores Reiseñores O gilgaro e o sirin.</p> <p style="text-align: right;">(p.103)</p>	<p><i>Album de la Caridad</i> (1862)</p> <p>Nese chan a veira mar No pracer adormentada Ou encantada, Te regalan un sin fin De paxaros ben cantores Reiseñores O gilgaro e o sirin.</p> <p style="text-align: right;">(1989: 765)</p>	<p><i>Diccionario</i> (1884)</p> <p>N' ese chan à bèira-mar, n' o pracer adormentada, ou encantada, te regalan un sin fin de pajaros bèn cantores, reiseñores o gilgaro e o sirin.</p> <p style="text-align: right;">(p.528)</p>
---	---	--

4.2.3. O tamaño das citas

Os fragmentos poéticos introducidos por Marcial Valladares son breves e conservan a disposición orixinal en versos; mesmo ás veces garda o formato co sangrado orixinal que aparece na súa fonte (vid. por exemplo, o fragmento anterior da entrada SIRIN).

Estes son os datos canto ós números de versos reproducidos en cada cita:

TÁBOA 5. N° de citas segundo o número de versos que conteñen

N° de versos	1 v.	2 v.	3 v.	4 v.	5 v.	6 v.	7 v.	8 v.	12 v.
N° de citas	3	20	7	57	13	6	1	6	1




Segundo se ve na táboa, as citas de catro versos son as máis frecuentes e suman o 50% do total, mentres que as de só un verso son raras. Con bastante frecuencia, respéctase a estrofa enteira onde vai o lema. Coma tal, nos 13 exemplos que contamos de 5 versos, 12 deles son quintillas en diferentes combinacións. Dos 6 fragmentos de 8 versos, 3 son octavillas. Ó mante-la unidade estrófica, Valladares busca non só a claridade de significado da palabra no contexto, senón tamén a comprensión global da estrofa, que o lector goce do valor estético do fragmento escolmado.

O tamaño da cita nalgúns casos semella dar a entende-lo dito; por exemplo, no caso dos 12 versos incluídos do laureado poema “O arco d’a vella” (1881) de Barcia Caballero, a expresión exemplificada, ARCO D’A VELLA, non aparece ata o verso final da cita. Algo semellante ocorre na entrada VOLVORETA: reproducéase a octavilla completa de Saco Arce, malia que abondaría cos catro últimos versos. Pasa igual na octavilla que Valladares inclúe da súa autoría para exemplificar FÍO Á FÍO.

4.3. As entradas

A función primordial das citas de autor nos dicionarios é a “d’attestation” (Rey-Debove, 1995:42)⁶⁰, testemuña-lo significado e a forma do lema definido e refe-

⁶⁰ “Les Domaines respectifs de l’exemple et de la citation dans les dictionnaires de langue actuels”. *Actas do*



rendalo en virtude da autoridade, prestixio e fiabilidade que lle confire o escritor e o ser unha cita literaria. Vexamos dende o punto de vista gramatical, en que entradas se inclúen citas:

TÁBOA 6. Categoría das entradas que se exemplifican con cita de autor

<i>subs.</i>	<i>adx.</i>	<i>vb.</i>	<i>adv.</i>	<i>prep.</i>	<i>conx.</i>	<i>interx.</i>	<i>expr.</i>
64	5	31	4	1	1	4	5

Os artigos lexicográficos que maioritariamente levan citas incluídas pertencen á categoría dos substantivos: o 56% das entradas, seguido dos verbos con case o 30%. Nalgún caso non hai correspondencia entra a categoría do lema e o empregado na cita; como sucede no caso do lema APERTA (subs.) que se exemplifica como forma verbal de *apertar*: “apèrtame bèn / corazón de mantèiga”. Dos substantivos, 9 deles aparecen na forma diminutiva en *-iño*: AGARRADIÑO, BEIZIÑOS, ENJIDIÑO, FILLIÑO, FOLÈPIÑAS, PRENDIÑA, VIDIÑA E VIRGIÑA. Tres son da clase dos propios: MECO, PEPIÑO e PERUCHO. Outros dez refírense a nomes de animais e vexetais: AMÓRIÑA, AMORILLONS, CÁNCAROS, CARNICEIRA, CERQUEIRO, FOLOSÍÑA, FOUPA, SIRIN, VOLVORETA, ESTRÒSA. Das outras clases de palabras, destaca que os catro adverbios sexan de tempo: AJIÑA, ARASTORA, ENGORDIÑO, JAMAIS. A conxunción exemplificada é a copulativa E, con cita de autor motivada máis por razóns morfofonéticas (pola variante eufónica [j] ante vocal) do que sintácticas. As interxeccións son a irónica ¡CANTÈ!, a de espanta-los gatos, GACHIL!; a de dolor, ÒITE e a de golpe, ZAS. As expresións con cita son ÑA PRENDA, PÔTE (á), FIO Á FÍO, DIJO MOITO, PALLA D’OS NABOS (juro á).

As palabras de entrada en que se inclúe unha cita presentan diferentes graos de transparencia de significado. Non sabemos como foi o xeito de actuar de Valladares durante a redacción da súa obra, pero semella que nalgúns casos, a decisión de incluí-la cita foi posterior ó inventariado e definición da palabra de entrada, xa que estas son formas aparentemente con pouca dificultade léxica, de certo uso común, que para a súa exemplificación poderían servir calquera fragmento de autor. Nestes casos, Valladares semella prima-lo nome do autor ou a calidade estética do fragmento poético máis cá dificultade do lema de entrada; son casos como as citas de Antonio de la Iglesia nas voces NAICIÑA, PÈPIÑO, TRAGUER; ou tamén os fragmentos de Rosalía de Castro que exemplifican DEIJAR, GRORIA ou LER⁶¹. No caso da única cita de Murguía, que exemplifica o lema NIÑO, parece corroborar que a súa inclusión está motivada máis polo prestixio da súa persona-

Simposio de lexicografía actual: elaboración dos dicionarios. Anexo 3. Cadernos de lingua. A Coruña. Real Academia Galega.

⁶¹ De non ser que Valladares queira referendar estas formas fronte a outras como *mai-maíña* ou *traer*, no caso das primeiras; e fronte a *deixar*, *gloria* ou *leer*, no das segundas.

lidade, ca pola súa produción poética en galego (era o único poema que podía escolmar del) ou ca pola dificultade que reviste o lema *niño*.⁶²

Noutras ocasións, as entradas con cita de autor si presentan maior dificultade semántica e deberon ser lematizadas froito das lecturas de Valladares. Son vocábulos de significado específico ou raro, de variantes propias dun escritor ou da súa zona, de empregos figurados, etc. Neste sentido, algúns escritores, sen lles nega-la valía poética, son citados como autoridades pola orixinalidade do seu léxico. Poden ser mostra diso, os lemas FOUPA ou MUSEAR, incluídos en citas de Lamas Carvajal; as voces SAREGO ou OUFEGAR de Aureliano J. Pereira; CACARAÑADO ou DEGOIRADOR de Pérez Ballesteros⁶³; ou ESTRÒSA que escribe Mingos Gallego.

Algunhas veces Marcial Valladares redacta a definición da palabra ou dalgunha acepción partindo do exemplo literario do autor. Así ocorre coa definición da voz MUSEAR que se basea na cita de Lamas; con CÁNCARO, na de Barcia Caballero; con MANDRUGUEIRO, na de Añón; con POUPEAR, do fragmento de Saco Arce, ou na expresión VENTO (O), onde parte do exemplo de Pintos. Diferencia acepcións partindo do texto en ALDRAJAR, sobre o fragmento de Saco Arce; en ARREQUECER, sobre o de F. Lourido; en LÓSTREGO, sobre o de D. Camino; en LAPO, sobre o de A. J. Pereira; en MONSÈRGA sobre o de J. B. Amado; ou en REBOLADA sobre o de A. Camino. Un comentario á parte merece a voz MANDRUGUEIRO que aparece inserida nuns versos de Añón. Valladares dá esta información como definición:

MANDRUGUEIRO. Creemos equivalga á mendrugista, que vive del mendrugo, como, en tiempos no muy remotos, sucedía con algunos escolares de Santiago, á quienes enviaban la cabèla de sus casas.

«Mandrugueiros estudantes
Hacho, ò pasar po-l-a vèiga,
E detèñenm'os tunantes,
Pedindo nata, mantèiga
E que sèi eu... ¡Banadantes!»

(F. Añón)

Os versos pertencen á segunda estrofa de “A leiteira”. A composición non está datada con exactitude, aínda que si que se sabe que é anterior a 1862 (Bel Ortega 1991)⁶⁴. Nas antoloxías de Añón consultadas⁶⁵, a forma que sempre aparece

⁶² Valladares debeu dicidi-la inclusión do fragmento despois de feita a definición, posto que a acepción figurada con que *niño* é usada non está explicitada ou quedoulle por facela.

⁶³ As palabras das citas de Pérez Ballesteros aparecen co significado explicado no seu libro de poemas *Versos en dialecto gallego y correspondencia castellana de sus principales voces* (1878).

⁶⁴ *Vida e obra de Francisco Añón*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

⁶⁵ Consultáronse as versións de “A leiteira” recollidas na antoloxía *Poesías varias* de LA CONCORDIA (1878), por Martínez Salazar en *Poesías de F. Añón* (1889) e por Bel Ortega (1991) que recolle a versión aparecida no “Album de Poesías de E. Campos, 13/1/1862”, colección particular, onde se recolle por primeira vez.

é *madrugueiro* (coidamos que de *madrugar*). Non podemos asegura-la fonte de onde Valladares copiou o fragmento; tampouco se na orixe figuraba xa *mandrugueiro*, coma no *Diccionario*, ou se se trata dun erro de copia do propio Valladares. Sexa como for, a definición artellada por Don Marcial relacionándoa con “mendruco” tivo certa fortuna lexicográfica, pois foi copiada logo por Filgueira e Carré para os seus dictionarios.

En varios casos, a cita referenda unha acepción figurada que se exemplifica co texto. Ocorre, coma tal, no texto de Rosalía de Castro, incluído na entrada AVÍO; nas citas de García Mosquera en FUMEGAR e TERREO; nas de F. de la Iglesia en ANACO e MUSGAR, e tamén nas de Añón e A. Camino en APOUVIGAR e CÒRDAS, respectivamente.

Noutras ocasións a cita exemplifica unha variante da palabra, seguramente diferente á coñecida por Valladares; coma tal as voces ABOLIGAR ou BANEAR, incluídas en textos de Pérez Ballesteros; AZAPURRAR, en Lamas; BADALO, en J.G de Ferrol; FOLÈPIÑAS, en Curros; PATUJAR e RECÍO, en Añón; ou SAREGO no fragmento de A. J. Pereira.

5. Conclusións

Un dos aspectos novidosos do *Diccionario* (1884) de Valladares é a inclusión de citas de autor do galego moderno para testemuñar e exemplifica-los lemas de entrada. Como Valladares incluíu frecuentemente a estrofa enteira para contextualiza-la palabra definida, o seu *Diccionario gallego-castellano* (1884) amósase como unha *colección* particular de poesía galega, moi de moda nesa época. Escólmanse trinta e tres escritores e setenta e oito poemas galegos, os máis importantes da etapa inicial do rexurdimento galego (1840-1884). O lexicógrafo revélase ademais como un gran lector e bo coñecedor da literatura galega do seu tempo. Como editor destas citas literarias, Marcial Valladares modificou a súa ortografía, conforme o modelo seguido no *Diccionario*, aínda que nos fragmentos incluídos máis tardiamente, posteriores a 1869, respectou a grafía orixinal, en casos como o uso de <g>, <j>, <x> para representa-lo son [j].

A aparición dalgúns autores hoxe case esquecidos, seguramente se deba á amizade persoal con eles, como o caso de J. M.^a Gil. Outros nunca figurarían no *Diccionario* de non estar antologados por Antonio de la Iglesia no *Album de la Caridad* (1862), fonte principal das citas pertencentes ós poemas anteriores a este ano. Noutros casos a inclusión do autor cremos que pode obedecer, amais da valía poética do fragmento, á relación que Valladares mantivo con eles; por exemplo colaborou con Saco Arce e Murguía, achegándolles cantigas da Ulla, ou cos irmáns de la Iglesia —ós que enviara poemas para a revista *GALICIA* (1860). Noutros casos son razóns derivadas da enxebreza do léxico que o poeta usa nos poemas o que provoca a súa inclusión; por exemplo, Lamas, Pérez Ballesteros ou A.J. Pereira. Por último, outros escritores son escolmados por Valladares sobre

todo pola súa valía literaria. Dos libros que máis gusta son os de Rosalía: *Cantares Gallegos* (1863) e *Follas Novas*, (1880); deles incluíu 14 fragmentos de 12 poemas e tamén o poema de Camino “O desconsolo”, que case reproduce completamente. Sen embargo, é significativo que da poetisa escolme maiormente poemas costumistas ou intimistas e non explote a outra vea máis reivindicativa. Algo similar sucede con Curros de quen só reproduce poemas da mesma temática.

En canto ó contido, Valladares escolma fragmentos que están en consonancia coa súa ideoloxía conservadora, na que e a moral católica ocupa un lugar destacado⁶⁶, e cos seus gustos literarios. Nos versos elixidos sobrancea a temática costumista⁶⁷, tinguida ás veces dunha leve crítica social, cando se trocan problemas como a emigración, aínda que acaban fundidos con outros máis románticos e intimistas (as soidades, a infancia e os amores pasados)⁶⁸.

Lista de autores incluídos por Valladares no seu *Diccionario*⁶⁹

Autor	Nº de citas	Nº de poemas
R(osalía). C(astro). de Murguía	14	12
Alb(erto). Camino	12	6
F(rancisco). Añón	11	5
A(ntonio). de la Iglesia	9	4
O autor (= Marcial Valladares)	9	6
F(rancisco). M(ª). de la Iglesia /Mingos Gallego	7	6
J(osé). P(érez) Ballesteros	5	
J(uan). M(anuel). Pintos	5	4
M(anuel). C(urros). Enríquez	5	2
A(ureliano). J(osé). Pereira (=J.A. Pereira)	4	3
A. C. (=¿Antonio Castro Martínez?)	3	1
J(osé). G(arcía). Mosquera	3	1
J(uan). A(ntonio). Saco y Arce	3	3
V(alentín). L(amas). Carvajal	3	3
J(uan). Barcia Caballero	2	2
J. G. del Ferrol (= F.G. del Ferrol)	2	1
V(icente). de Turnes	2	1
A(ndrés). Muruais	1	1
A(ntonio). G(arcía). Vázquez-Queipo	1	1
B(enito). Losada	1	1
D(omingo). Camino	1	1
E(duardo). Pondal	1	1
F(rancisco). F(ernández). Anciles	1	1
F(rancisco). Lourido	1	1
J(osé). B(enito). Amado	1	1
J(osé). M(aría). Posada y Pereira	1	1
J(osé). M(aría). Gil	1	1
M(anuel). Lugrís Freire	1	1
M(anuel). Martínez González	1	1
M(anuel). Murguía	1	1
M(anuel).L(ago). González	1	1
Marqués de Figueroa	1	1

⁶⁶ Véxanse os fragmentos das poesías incluídas en ALDRAJAR, FILLIÑO, POUPEAR, VIRGIÑA.

⁶⁷ Son a maioría; por exemplo, as citas incluídas en ARCO D'A VELLA, FOGUETE, MAYO, PASPALLÁS, SIRIN...

⁶⁸ Sirvan de mostra as citas de AJIÑA, AMORIÑA e ENJIDIÑO, MORRER, MUSGAR, NAICIÑA, SOLEDADES...

⁶⁹ Entre parénteses reconstrúese o nome ou apelido do autor.

Fontes consultadas na localización das citas dos escritores

- Album de la Caridad. Juegos florales de la Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestro vates gallegos contemporáneos.* Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial. [manexouse tamén a edición publicada por Ediciones Giner en 1989].
- Añón, F. (1878): *Poesías varias*. Biblioteca de La Concordia. Vigo: Impr. de M. Fernández Dios.
- Añón, F. (1889): *Poesías*. A Coruña: Andrés Martínez, Editor.
- Barcia Caballero, J. (1883): *Mesa revuelta. Ensayos literarios*. Santiago: Imp. de la Gaceta.
- Castro de Murguía, R. (1863): *Cantares gallegos*. Vigo: Imp. de D. Juan Compañel.
- Castro de Murguía, R. (1880): *Follas novas. Versos en gallego*. Habana: La Propaganda Literaria. *Colección de Poesías Gallegas de varios autores con un prólogo del Excmo. Sr. D. Luis R. Seoane por Francisco Portela Pérez*. Pontevedra: Nueva Tipografía de Luis Carragal. 1882.
- Corona fúnebre á la memoria del llorado poeta gallego Andrés Muruais*. Pontevedra Imprenta de J. Millán (1883)
- Curros Enríquez, M. (1880): *Aires d'a miña terra. Colección de poesías gallegas*. Ourense: Casa de A. Otero. (1881)²: Madrid: La Ilustración Gallega y Asturiana.
- Ferreiro, M. (1995): *Poesía galega completa. I. Queixumes dos pinos*. Santiago: Sotelo Blanco.
- Iglesia González, F. de la (1882): *A fonte d'o xuramento. Drama de costumes gallegos en dous autos en verso*. A Coruña: Imprensa e Estereotipía de Vincenzo Abade.
- Lamas Carvajal, V (1875): *Espiñas, follas e frores. Colección de versos gallegos. Ramiño primeiro*. Ourense: José M. Ramos, Editor.
- Lamas Carvajal, V (1876): *Espiñas, follas e frores. Colección de versos gallegos. Ramiño segundo*. Ourense: Imp. de la Propaganda Gallega.
- Lamas Carvajal, V. (1880): *Saudades gallegas*. Ourense: Impr. de la Propaganda Gallega.
- Lugrís Freire, M. (1894): *Soidades. Versos en gallego*. Habana: Imprenta d'o avisador.
- Martínez González M. (1883): *Poemas gallegos seguidos d'un tratado sobr'o modo de falar é escribir con propiedade ó dialecto*. Pontevedra: Tipografía y comercio de José M. Madrigal.
- Otero R. (1867) *Galicia médica. Apuntes para servir al estudio de la geografía médica de Galicia*. Santiago: Estab. Tip. de José R. Ruibal.
- Pereira, A.J. (1891): *Cousas d'a aldea. Versos gallegos*. A Coruña: Andrés Martínez, Editor.
- Pérez Ballesteros, J. (1878): *Versos en dialecto gallego y correspondencia castellana de sus principales voces*. Madrid: P. Calleja y Compañía, Editores.
- Pintos, J.M. (1853) *A gaita gallega tocada po lo gaiteiro, ou sea, Carta de Cristus para ir deprenendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e ainda mais*. Pontevedra: Imprenta de José Primitivo Vilas.
- Pondal, E. (1886): *Queixumes d' os pinos*. A Coruña: Latorre y Martínez.
- Saco Arce, J. A. (1878): *Poesías*. Madrid: Carlos Bailly-Bailliere.

Referencias bibliográficas.

- Carballo Calero, R. (1981): *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia.
- Cuveiro Piñol, J (1876): *Diccionario gallego*. Barcelona: Establ. tipografico de N. Ramirez y C^a.
- Suárez Vázquez. D. (2000): "As autoridades no *Diccionario gallego-castellano* (1913-1928) da Real Academia". *Cadernos de lingua*, 21. A Coruña: Real Academia Galega (pp. 67-102).
- Dobarro Paz, X.M. (1995): "Inventario da produción lírica do primeiro rexurdimento (1840-1863). *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*. Vigo: Galaxia (pp. 51-65).
- Fernández Salgado, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principio do século XX (1913-1916)*. Verba Anexo 47. Universidade de Santiago.
- González Millán, X. (2001): *O Diccionario enciclopédico de Eladio Rodríguez. A Canonización lexicográfica da literatura galega*. Vigo: Xerais.
- González Orejon, C. (2000): "Coincidencias entre o diccionario de Valladares e o diccionario da Real Academia Española". *Actas do VI Congreso Internacional de Estudios Galegos*, Tomo I. Trier: Galicien-Zentrum der Univeristät (pp. 63-68).